

PROTOCOLO XERAL DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) E A FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL

COMPARECEN

Dunha parte, a Universidade da Coruña, a partir de agora UDC, con sede na Coruña, Maestranza nº 9 e no seu nome e representación, D. Julio Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña (UDC), no uso das atribucións que lle confire o artigo 36.1.f) dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG do 26 de maio).

e doutra parte, a Federación Galega de Dano Cerebral, en diante FEGADACE, con CIF G70191051, con sede na rúa Galeras, nº. 17, 2º, oficina 5, CP 15705, Santiago de Compostela, e no seu nome D. Luciano Fernández Pintor, con nº. DNI [REDACTED] en calidade de presidente e representante legal da entidade por acordo de Asemblea Xeral de 19 de setembro de 2020, e de acordo coas atribucións que lle confire o cargo.

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que ambas as entidades teñen obxectivos e intereses comúns nos campos académico, científico e cultural.

SEGUNDO. Que para contribuír á mellora económica e social dos pobos, é de fundamental importancia que se establezan relacións de intercambio nos campos da ciencia e da cultura.

TERCEIRO. Que as universidades son institucións chamadas, pola súa esencia, finalidade e obxectivos, para establecer as vías de comunicación que permitan o intercambio do coñecemento científico e cultural.

CUARTO. Que FEGADACE é unha entidade sen ánimo de lucro, que agrupa ás cinco asociacións de persoas con dano cerebral adquirido (DCA en diante) e as súas familias de Galicia. Que traballa na defensa dos intereses e dereitos, e a mellora da calidade de vida dos galegos e galegas con DCA e dos seus familiares. Traballa na sensibilización da sociedade en xeral con respecto a esta incapacidade, a implicación das institucións e cantas iniciativas se dirixan a resolver os retos da rehabilitación, inclusión e normalización social do colectivo. E eses obxectivos os persegue a través do desenvolvemento de proxectos e accións orientados a: (i) apoio e asistencia ás entidades federadas e familias con DCA, (ii) captación de fondos, (iii) incidencia política e reivindicación social para defensa dos seus dereitos; (iv) xeración de coñecemento científicos a través da investigación socio-sanitaria no eido do DCA; (v)

sensibilización, divulgación e concienciación social sobre o DCA; así como (vi) establecemento de alianzas estratéxicas e traballo en rede para aumentar o impacto e alcance das accións desenvolvidas.

QUINTO. Que a UDC, adherida á Rede Española de Universidades Promotoras de Saúde (REUPS), implantou a oficina UDC Saudable. Dentro dos principais obxectivos desta entidade atópase potenciar a universidade como un contorno saudable e sostible para a comunidade universitaria e a sociedade no seu conxunto, promover e favorecer o traballo conxunto entre organismos de saúde pública, as institucións/entidades comunitarias e as universidades, así como fomentar a oferta de servizos e actividades dirixidas a promocionar a saúde da comunidade universitaria en aspectos holísticos biopsicosociais e pedagóxicos.

Que por todo o anterior, as dúas institucións/entidades consideran conveniente afianzar a súa colaboración académica e científica e establecer os instrumentos adecuados e, para os efectos, deciden subscribir un convenio de cooperación académica, científica e cultural, de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. FINALIDADE DO ACORDO DE COOPERACIÓN

A FEGADACE e a UDC comprométense a fomentar o intercambio de experiencias nos campos da docencia, a investigación, a divulgación e a cultura en xeral, dentro daquelas áreas nas cales ambas teñan interese manifesto. Será obxecto principal deste acordo prestar mutuamente o apoio e máxima colaboración en cantas actividades de información, formación, sensibilización, educación e promoción da saúde sobre o dano cerebral adquirido, que se contemplen no ámbito de actuación da UDC.

SEGUNDA. MODALIDADES DE COLABORACIÓN

Co fin de satisfacer os obxectivos definidos no artigo anterior, ambas as partes comprométense, na medida dos medios de que poidan dispoñer e, conforme ás normas de cada entidade, de maneira enunciativa pero non limitativa, a:

- a) Facilitar o asesoramento mutuo en proxectos e iniciativas de interese común.
- b) Promover actividades de sensibilización, información e formación.
- c) Favorecer a participación en proxectos e programas de investigación e desenvolvemento bilateral ou multilateral.

- d) Cooperar en programas de formación de persoal asistencial, investigador e/ou técnico.
- e) Fomentar actividades de promoción de saúde e prevención da enfermidade.
- f) Manter comunicación e colaborar coa UDC saudable, sostible, solidaria e inclusiva, a través das pertinentes oficinas, unidades e servizos universitarios, nos proxectos que resulten de interese común.
- f) Formar parte e, de ser o caso, participar no Equipo Teams de entidades-UDC Saudable.
- g) Participar con outras actividades que se consideren de interese mutuo.

TERCEIRA. OBRIGAS DE FEGADACE

A FEGADACE comprométese, de acordo con este convenio, ao seguinte:

- Dinamizar e facer difusión, divulgación e sensibilización sobre o DCA, mediante mesas informativas e presentacións en facultades e escolas da UDC, co visto bo dos responsables das mesmas.
- Desenvolver obradoiros e campañas informativas e de sensibilización sobre o DCA dirixidas ao alumnado universitario ao longo do curso. Para o que a entidade/empresa realizará os cartaces en formato digital (jpg) en idioma galego e castelán cos logos pertinentes, incluídos os universitarios.
- Colaborar e participar en xornadas, eventos, charlas informativas, ou de orientación profesional dirixidas preferentemente ao alumnado da UDC.
- Desenvolver actividades culturais, como exposicións, ciclos de cine, etc. destinadas a sensibilizar e informar sobre o DCA entre a comunidade universitaria da UDC.
- Ofertar os seus servizos e programas para a participación do voluntariado da UDC.

Este convenio non suporá ningún gasto adicional para FEGADACE, polo que non se precisará asignación orzamentaria.

CUARTA. OBRIGAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A UDC, a través da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, comprométese a través do presente convenio ao seguinte:

- Dinamizar e difundir información dano cerebral adquirido e as actividades de FEGADACE, a través das canles de comunicación coas que conta a UDC, fundamentalmente listas de correo, páxina web e, especialmente, redes sociais, entre outras.
- As actividades reflectidas no seguinte convenio non suporán gasto económico para a UDC.
- Ceder aulas ou espazos do Centro Universitario de Riazor (CUR), con carácter puntual e sempre que estean libres, para realizar determinadas accións formativas ou outras accións dentro do marco dos servizos de obradoiros, encontros, reunións ou xornadas. Para esta cesión será imprescindible realizar a oportuna solicitude en tempo e forma de acordo coa normativa de uso de espazos de dominio público da UDC:
(https://www.udc.es/gobierno/equipo_reitoral/xerencia/servizos/patrimonio_inventario/patrimonio/)

Este apartado estará libre de carga económica para a FEGADACE polo uso de espazos no CUR, sen prexuízo dos custos derivados de pagar ao persoal da UDC polas actividades realizadas fóra do seu horario ordinario de traballo.

A UDC reservase o dereito de veto en actividades da empresa, no marco da UDC, que poidan concorrer/competir o derivar en conflito de interese, coas competencias e contidos de disciplinas impartidas na UDC.

QUINTA. ESTABLECEMENTO DA COOPERACIÓN

A maiores do punto cuarto, a execución doutras modalidades de cooperación previstas neste acordo será obxecto de convenios elaborados de común acordo entre ambas as entidades, en que figurarán o motivo da colaboración, o plan de traballo, os participantes e o financiamento. Estes convenios serán incorporados como addendas ao presente acordo.

SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para facilitar a elaboración dos convenios e o seu cumprimento, constituirase unha comisión de seguimento paritaria integrada por dúas persoas da FEGADACE e outras dúas persoas da vicerreitoría con competencias no ámbito da responsabilidade social. As funcións desta comisión serán as seguintes: avaliar os resultados da execución do convenio, resolver dúbidas e discrepancias que puideren xurdir na interpretación e aplicación do convenio, así como resolver os problemas que se presenten na execución do convenio e garantir o desenvolvemento normal dos compromisos adquiridos. Esta comisión realizará, polo menos anualmente, un balance das accións realizadas ou en curso e elaborará un informe que lles será comunicado ás instancias apropiadas. Formarán a Comisión de Seguimento

por parte da UDC:

- o/a vicerreitor/a do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, ou persoa en quen delegue
- o/a director/a da UDC Saudable, ou persoa en quen delegue.

por parte de FEGADACE:

- o/a presidente/a da FEGADACE, ou a persoa en quen delegue.
- o/a director/a de FEGADACE, ou a persoa en quen delegue.

SÉTIMA. FINANCIAMENTO

As dúas entidades, baseándose na xusta reciprocidade, intentarán conseguir os fondos de financiamento externos, de ser o caso, que se utilizarán para apoiar as actividades que se realizarán no ámbito deste acordo.

OITAVA. SENTIDO DO ACORDO

Este acordo non se debe interpretar no sentido de crear unha relación legal ou financeira entre as partes. Este constitúe unha declaración de intencións cuxo fin é promover auténticas relacións de beneficio mutuo en materia de colaboración académica e divulgativa.

NOVENA. DURACIÓN

O acordo suscrito terá un duración de 4 anos, que se contarán desde a data da súa sinatura, unha vez que o ratifique o Consello de Goberno segundo o artigo 27.2.0) dos Estatutos da UDC, despois dos cales se poderá renovar por iniciativa de calquera das partes.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais, sucesivamente, ou ata a súa extinción.

DÉCIMA. DISCREPANCIAS

A resolución de posibles controversias inherentes á interpretación e execución deste acordo transferirase a unha comisión arbitral formada polos asinantes do acordo ou as persoas en quen deleguen.

Serán causa de resolución do presente convenio:

- o acordo das partes asinantes
- o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que están establecidas nel.
- a concorrencia de circunstancias que determinen a imposibilidade de realizar as actuacións previstas no convenio.

E, en proba de conformidade do exposto, asinan este documento:



O reitor da UDC

D. Julio E. Abalde Alonso



O/A presidente de FEGADACE

D. Luciano Fernández Pintor